



Mediante resolución rectoral do pasado 30 de outubro desenvolveuse o Acordo do Consello de Goberno da Universidade de Santiago de Compostela do 15 de novembro do 2001 que permitía os alumnos solicitar apoio tutorial extraordinario, cando tiveran un máximo de dúas materias pendentes, que non sumen máis de 12 créditos, con catro convocatorias esgotadas en cada unha sempre que teñan superado o 80% dos créditos troncais e obrigatorias para titularse.

Tendo en conta que non se contempla ningunha diferenciación para a aplicación deste criterio para as titulacións de Enxeñería, faise preciso facer unha aclaración en relación con estas titulacións que contemplan a necesidade de realizar un Proxecto Fin de Carreira, polo que se dicta a seguinte

INSTRUCCIÓN

Único.- Para realizar a selección dos alumnos contemplada no artigo Primeiro da resolución do 30 de outubro deberá excluirse do cómputo o Proxecto Fin de Carreira por ser unha materia troncal ou obrigatoria que os alumnos non poden cursar ata ter superadas as demais materias do plano de estudos.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2002

O Vicerrector de Organización Académica
e Profesorado

Cástor Méndez Paz

Vicerrectorado de Organización Académica e Profesorado, Sr. Vicerrector de Calidade e Planificación Estratéxica, Sr. Secretario Xeral, Sers/as Decanos/as e Directores/as de Centro, Srs Directores/as de Departamento, Sra. Xefa do Servizo da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica, Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica, Sr. Director do COIE e Sr. Responsable do Sein da Área Académica.